



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 27 DE ABRIL DE 2013

ASISTENTES:

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. FERNANDO VILAR DÍAZ
D.^a DELIA PAZ ARDAO

SECRETARIO:
D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e sete de abril de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpa a súa asistencia D.^a Olga María Blanco Teijeiro.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 12 DE ABRIL DE 2013

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data doce de abril de dous mil trece.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA POLO BNG, D.^a DELIA PAZ ARDAO.

Dase conta a instancias do Sr. Alcalde-Presidente polo Secretario da Corporación do expediente instruído para a toma de posesión como concelleira electa polo BNG, de D.^a Delia Paz Ardao, como consecuencia da renuncia presentada polo Concelleiro D. Juan Puentes Calvo.

Polo Secretario da Corporación dase lectura no acto de toma de posesión á pregunta establecida no artigo 1º do RD 707/1979 de 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento, encargos e funcións públicas.

Pola Concelleira electa D^a Delia Paz Ardao, respóntase sí prometo.

O Sr. Alcalde-Presidente dalle posesión do cargo de concelleira, sinalando que formará parte das correspondentes Comisións informativas de asuntos do Pleno e especial de contas, así como da Mesa de contratación e Xunta de Voceiros, dándolle a benvida como nova concelleira desta corporación municipal.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que aínda que moitos asuntos non van a estar de acordo o que os debe unir a todos é o traballo pola Capela, polo tanto invita a traballar nesa dirección e que a súa andaina na corporación municipal sexa leve.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dáselle a benvida á nova concelleira desexándolle toda clase de sorte e animándoa a traballar pola Capela.

Pola nova Concelleira D.^a Delia Paz Ardao dase as grazas a todos os voceiros dos Grupos Municipais, manifestando que o que lle toca nestes primeiros tempos é aprender.

3.ORDENANZA FISCAL Nº 11, REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTROS DE INTERESE XERAL.APROBACIÓN PROVISIONAL.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do acordo da Comisión Informativa Municipal de asuntos do pleno que tivo lugar o derradeiro día dezanove de abril de dous mil trece, na que se informou por unanimidade de todos os grupos municipais presentes a aprobación da mencionada ordenanza, aínda que na mesma non se recolla a posibilidade de gravar a cantidade de soporte de liñas eléctricas que cruzan A Capela, pero que non xeneran consumo, xa que a liquidación que fan as empresas por esta ordenanza que está delegada na Deputación Provincial da Coruña, é sobre os ingresos brutos obtidos no término municipal, pero de todas maneiras é un paso que hai que dar a petición da Deputación Provincial da Coruña, para que todos os concellos unifiquen o modelo de ordenanza.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar o xa dito na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, no sentido de que é inxusto que as liñas de transporte de enerxía non estén incluídas, e polo tanto computen nesta ordenanza, polo tanto manifestar a quen corresponda este desacordo.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo remítese ao manifestado polo seu Grupo na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno.

Polo voceira do Grupo Mixto - BNG, D.^a Delia Paz Ardao, que efectivamente leu a copia do expediente e que nesta sesión vaise adicar a aprender.

Rematado o debate e sometido polo Sr. Alcalde-Presidente o asunto á votación, o Pleno da Corporación por maioría de votos (7 votos a favor da aprobación inicial da ordenanza dos Sres./Sra Concelleiros/a dos Grupos Municipais do P S de G- PSOE, Partido Popular, e AIAC e 1 abstención a Sra. Concelleira do Grupo Mixto - BNG), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar provisionalmente (inicialmente) a Ordenanza fiscal nº 11, reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros de interese xeral.

2º. Expoñer ao público a efectos de reclamacións polo prazo de 30 días no BOP e taboleiro de anuncios do concello.

3º.No suposto de non presentarse reclamacións ao acordo provisional, este entenderase elevado automaticamente a definitivo.

4º. Derrogar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou apropiamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, que foi publicada definitivamente no BOP número 267 do 20 de novembro de 1998.

4.- CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA 'PORTAL DE ENTRADA ÁS FRAGAS DO EUME'. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción da certificación de obra nº 1 da obra denominada "Portal de entrada ás Fragas do Eume", que ascende á cantidade de 14.447,61€ IVE engadido que comprende as obras executadas ata o día 12 de abril. Dí que o presente asunto foi informado favorablemente na

derradeira Comisión informativa de asuntos do pleno, realizada o derradeiro 19 de abril.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, remítese ao xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno, e considera este asunto un mero trámite a seguir.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que é un mero trámite administrativo e pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.^a Delia Paz Ardao, dise que non hai nada que obxectar neste asunto.

Sometido o asunto a votación, polo Sr. Alcalde-Presidente, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Único. Aprobar a certificación número 1 da obra "Portal de entrada ás Fragas do Eume ", que ascende á cantidade de 14.447,61€.

5. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA

Dase conta dos decretos e resolucións da alcaldía dende o día dezaioito de febreiro ata o día dezanove de abril de dous mil trece.

FEBREIRO:

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 18.02.2013, cambio de enderezo de D. JUÁN VILAR GABEIRAS, D.^a ALMUDENA PIÑEIRO MONTES, D.^a MIREYA VILAR ALVES, D.^a NOA PIÑEIRO MONTES e D. ZEUS JUAN VILAR PIÑEIRO, de As Neves 91-B - 1º Dta. Para O Seixo, 11.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.02.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.02.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.02.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.04.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 19.04.2013, aprobación da cancelación e devolución aval definitivo presentado por

LIMPERGAL, S.L., para garantir a prestación do servizo “Limpeza do colexio público, centro saúde e casa da cultura” por importe de 704,16 €.

- **LICENZAS DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 20.02.2013, concesión licenza urbanística a Dna. Graciela Seco Ardao para “Incremento de volume de vivenda unifamiliar”, no lugar de Fiunte, 2 - Cabalar.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 20.02.2013, concesión do día 21 de febreiro de 2013 o funcionario D. Jesús Franco Rodríguez por asuntos propios.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 22.02.2013, concesión de licenza de “Segregación de finca no núcleo rural de Estoxa” á empresa PEIZÁS, S.L.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 25.02.2013, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. José Iván Pita Piñeiro, D^a. Estefanía Fachal Criado e D^a. Icia Pita Fachal.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 25.02.2013, aprobación certificación número 4 e final da obra “Parque público nas Neves”, por importe de 9.322,81 €, presentada pola empresa Areco, S.L.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 25.02.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.02.2013, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 26.02.2013, aprobación do Padrón Fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida e tratamento de RSU correspondente ao 1º trimestre 2013.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.02.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución prórroga do contrato administrativo de execución da obra denominada “Melloras na depuradora de augas residuais de Gunxel”.
- **ORZAMENTOS:** Resolución da Alcaldía de data 28.02.2013, aprobación liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2012.

MARZO:

- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 01.03.2013, contratación do servizo denominado “Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde para as obras do Portal de entrada ás Fragas do Eume”, coa empresa Piñeiro, Souto & Prieto Arquitectura, S.L.P., mediante procedemento de contrato menor.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.03.2013, aprobación gasto.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.03.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.03.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.03.2013, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 06.03.2013, concesión licenza urbanística a D. Manuel Pérez Fontao para “Reposición de pavimentación exterior”, no lugar de Mourente, 8-A Capela.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 06.03.2013, concesión licenza urbanística a D. José Arnos Graña para “Substitución dun depósito de auga existente”, no lugar de Formariz-Cabalar.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 06.03.2013, concesión de licenza urbanística a Dna. Sonia Paz Arnos para “Cambio da cubrición da cuberta dunha edificación existente”, no lugar de A Porta-Caaveiro.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 07.03.2013, concesión do servizo de axuda a domicilio a Dna. Benedicta Otero Paz, do lugar de A Castiñeira, 1.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 07.03.2013, concesión do servizo de axuda a domicilio a Dna. María Hermita Rodríguez García, con enderezo no lugar de Os Calzados, 4.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 08.03.2013, concesión de licenza urbanística a Dna. Carmen Seco Fernández para “Obras de conservación e mantemento: Cambio da cubrición da cuberta dunha edificación existente”, no lugar de Os Enxertados, 3 - Caaveiro.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 08.04.2013, concesión de licenza urbanística a Dna. Josefina Pérez Calvo, para levar a cabo obras de “Conservación e mantemento dunha vivenda unifamiliar existente”, no lugar de Formariz, 3 - Cabalar.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 08.04.2013, concesión de licenza urbanística a Dna. Rosa María Pérez Graña para levar a cabo obras de “Construcción de cerramento de malla metálica”, no lugar de Formariz, 4-Cabalar.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 08.04.2013, concesión de licenza urbanística a D. José Antonio Salgado Rodríguez para levar a cabo obras de “Reforma de cerramento de parcela existente”, no lugar de O Cadaval - Cabalar.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 08.03.2013, aprobación gasto.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 08.03.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 11.03.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 11.03.2013, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 12.03.2013, baixa no Padrón Municipal de Habitantes de Bertín Rivera Piñeiro.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 13.03.2013, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. María Purificación Arnos Meizoso, no lugar de O Pazo, 4.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 13.03.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 15.03.2013, aprobación certificación número (1) da obra “Mellora na Depuradora de Augas Residuais de Gunxel” presentada pola empresa Transportes y Excavaciones Jesús Cancelo y Otro, S.P.C.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 15.03.2013, concesión de licenza urbanística a Dna. María Sánchez Fiaño, para obras de “Conservación e mantemento: Cambio da cubrición da cuberta dunha edificación existente”, no lugar de Sande, 9.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 15.03.2013, concesión de licenza urbanística a Dna. María Luz Anca Basoa, para levar a cabo obras de “Ampliación de porta nunha cuadra existente”, no lugar de Vilar de Mouros, 10 - Cabalar.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.03.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.03.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19.03.2013, aprobación do plan de seguridade e saúde para a obra denominada “Portal de entrada ás Fragas do Eume-A Capela” elaborado pola empresa Huso 29 Estudios y Construcciones, S.L.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.03.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.03.2013, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 20.03.2013, concesión de licenza urbanística a Dna. Lorena Rodríguez Vilar para levar a cabo obras de “Construcción dun cuarto de baño nunha vivenda unifamiliar existente”, no lugar de A Porta, 3 - Caaveiro.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.03.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.03.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 25.03.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 25.03.2013, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 25.03.2013, concesión de licenza urbanística a D. Alfonso Salgado Rodríguez para levar a cabo obras de “Construcción de cerramento de malla metálica”, no lugar de Formariz, 5.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 26.03.2013, cambio de enderezo de D. Alberto Adegas Meizoso, Dña. Marina Bouza Couce, Xeila Adegas Bouza e Patricia Adegas Bouza, de A Corveira, 1 a O Campo 2-Cabalar.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 27.03.2013, concesión de licenza urbanística a Dña. Dolores Barros Cabarcos para levar a cabo obras de “Acondicionamento de local para oficina de información e asesoramento de terapias naturais”, no lugar de O Poboado do Eume, 9 baixo.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.03.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 27.03.2013, aprobación facturas-pago.

ABRIL:

- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 01.04.2013, concesión de vacacións a funcionaria Dña. Josefina Fernández Ferreira dende o día 2 ata o día 10 de abril de 2013 (ámbalas datas inclusive).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 01.04.2013, aprobación gasto.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 03.04.2013, contratación da subministración de “Pezas de cerámica conmemorativas da XXV Festa do Requeixo” mediante o procedemento de contrato menor, co contratista Regalcerámica, S.L.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 03.04.2013, concesión de licenza de “Segregación de finca no núcleo rural de Cabodantoi” - A Capela, a D. Juan Meizoiso Sanmartín.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.04.2013, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 04.04.2013, aprobación do padrón fiscal da taxa de prestación do servizo municipal de abastecemento de auga potable correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2013.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.04.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.04.2013, aprobación facturas-pago.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 08.04.2013, concesión de licenza urbanística a Gas Natural SDG, S.A., para levar a cabo obras de “Conservación e mantemento dunha vivenda unifamiliar existente”, no lugar de O Poboado do Eume, 6A.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 08.04.2013, aprobación gasto.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 09.04.2013, concesión da tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a D. Antonio Paz Piñeiro.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 09.04.2013, concesión da tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a Dna. María Ermita Rodríguez García.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 10.04.2013, concesión de licenza urbanística a D. Manuel Fernández Vilar en representación da Asociación VV. “Monte Forgoselo”, para “Construcción de cerramento gandeiro de parcela”, no monte Forgoselo.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 10.04.2013, concesión da tarxeta municipal de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a Dna. Obdulia Pardo Hermida.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 10.04.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 11.04.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 11.04.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.04.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.04.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.04.2013, aprobación facturas-pago.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.04.2013, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.04.2013, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.04.2013, aprobación facturas-pago.

O Pleno queda enterado.

6. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dase conta de moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, que copiada literalmente di:

"ASUNTO: MOCIÓN SOBRE O AUMENTO NO PAGO POLO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR QUE QUERE IMPLANTAR A XUNTA DE GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Xunta de Galicia anunciou o pasado día 12 de marzo outro recorte máis na educación dos nenos e nenas. O que pretende a Xunta é eumentar o número de alumnos que teñen que pagar o servizo de comedor escolar e aumentar a cantidade que teñen que abonar. Así, un de cada catro alumnos, deberá abonar íntegramente o custo do menú, o que supón 4,50 euros diarios, o 57 % dos alumnos estará exento, segundo a Xunta, cando antes estaba exento o 91,82%.

Esta imposición do goberno do PP na Xunta de Galicia fai que a situación da economía da maioría das familias galegas, xa de por sí precaria, se resinta unha vez mais cun novo recorte ó ter que facer fronte ó pago dunha parte do comedor escolar.

O actual goberno da Xunta de Galicia parece estar en contra totalmente do ensino público e esta decisión súmase a outras (recortes no número de profesores, nas axudas para libros, recorte nas condicións do profesorado, subvencións millonarias para colexios concertados, etc) que fan que éste se esté deteriorando a pasos axigantados.

Por todo isto, e como esta decisión afecta directamente ás familias da Capela que teñan fillos e fillas en idade escolar,

DENDE O GRUPO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA INDEPENDIENTE DA CAPELA PROPOÑEMOS Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

PRIMEIRO. Que se inste á Xunta de Galicia a que retire este novo copago no servizo de comedor escolar e manteña os fondos destinados a este servizo.

SEGUNDO. Que se inste á Xunta de Galicia a que protexa e garanta o ensino público pois é un servizo básico da sociedade."

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o derradeiro doce de marzo a Xunta anunciou o incremento de número de alumnos que deberán pagar o servizo de comedor escolar, que se incrementa dende un 57% de alumnos que pagan a hora ata o 92 % de alumnos que terán que pagar por este servizo; manifesta que AIAC da Capela non lle parece xusto este incremento tendo en conta a situación económica que se está a vivir e que polo tanto é un asunto que afecta directamente ás familias da Capela.

De seguido polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, dase lectura ao tenor literal da parte resolutiva da moción que contén dous puntos, que se insta á Xunta de Galicia a que retire este novo copago, é o mesmo que se inste á Xunta de Galicia a que protexa e garanta o ensino público como servizo básico para a sociedade.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, para dicir que o Grupo Municipal do PS de G - PSOE, está de acordo coa moción presentada por AIAC e de feito había unha moción para presentar, pero ao ver a de AIAC decidiuse non traela ao pleno, xa que as peticións eran semellantes. Nestes momentos económicos que viven as familias non se lles poden seguir quitando cartos.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que cando leu a moción pensou que AIAC, tiña algo de razón neste asunto, pero lembra que foi o bipartido no ano 2007 quen inventou o copago, e a moción presentada por AIAC, parece unha mixtura das que están a presentar o Bloque ou o PSOE; considera que é unha moción política, e que no 2007 ninguén dixo nada cando a Xunta gobernaba polo bipartito implantou este copago, o que se pretende é mellorar coas novas medidas da Xunta e mellorar o copago, dándolle progresividade, xa que os alumnos pagarán en función da renda dos seus pais e ó mesmo tempo liderase ás ANPAS da prestación do servizo de comedor.

Pola voceira do Grupo Mixto - BNG, D.^a Delia Paz Ardao, dise que o seu grupo está a favor da moción e que a situación económica que se está a vivir hoxe non é a de 2007, e que si se dí que polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que a moción é política tamén haberá que dicir que a xustificación que presenta é tamén política. Reitera o apoio do Grupo Mixto BNG á moción presentada por AIAC.

Toma de novo a palabra o voceiro de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo para dicir que a moción presentáa AIAC e non o Bloque e que eles non son nin BNG ou PSOE, e que o dato máis claro é que afecta ás familias da Capela, e iso é o fundamental.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, pregúntaselle ao voceiro de AIAC de que a cantos nenos afecta o decreto da Xunta.

Respóstalle a Concelleira do Grupo Municipal do PS de G. PSOE, D.^a Marina Bouza Couce que non Colexio da Capela afectará ao 90% dos nenos, xa que tomarase como referencia a declaración da renda do 2011 e non a situación económica actual das familias.

Remata o debate o Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz para dicir que o día 9 de maio hai unha manifestación das ANPAS, con respecto a este asunto e solicita ao concello que se coordine coa ANPA e si se pode que se facilite algún autobús.

Sometido polo Sr. Alcalde-Presidente o asunto a votación, o pleno da corporación por maioría de votos (7 votos a favor da aprobación da moción dos Sres. /Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PS de G- PSOE, AIAC e Mixto - BNG e 1 voto en contra do Sr. Concelleiro do Partido Popular), adopta o seguinte acordo:

Aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal de AIAC, referente ao aumento no pago polo servizo de comedor escolar que quere implantar a Xunta de Galicia, que na súa parte resolutiva contén o seguinte tenor literal:

1º. Que se inste á Xunta de Galicia a que retire este novo copago no servizo de comeder escolar e manteña os fondos destinados a este servizo.

2º. Que se inste á Xunta de Galicia a que protexa e garanta o ensino público pois é un servizo básico da sociedade.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Dase conta do rogo presentado polo Grupo Municipal de Alternativa Independiente de A Capela, D. Marcos Rodríguez Calvo, que copiado literalmente di:

"En días pasados, Xan Puentes presentou a súa dimisión como concelleiro do BNG, polos motivos expostos no Pleno extraordinario que se celebrou a tal efecto, e despois de levar máis de 9 anos como concelleiro e portavoz do BNG neste Concello.

Pois ben, ós concelleiros de AIAC resultounos un pouco pobre a despedida que se lle deu a un compañeiro que, como decimos, levaba 9 anos deste Concello realizando unha labor totalmente desinteresada e traballando a prol de mellorar a calidade de vida de todos os que vivimos na Capela.

Pero ésta non foi a única dimisión que se produciu nos últimos anos no Concello e anteriormente tamén houbo outras, e coa mesma pobre desdedida.

Polo tanto,

Rogámoslle ó equipo de goberno, que cando se produza unha dimisión ou abandono por calquer circunstancia dalgún membro desta corporación, se teña previsto un protocolo de actuación para realizar un acto de agradecemento á labor desinteresada que voluntariamente desempeñamos".

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que desde o Concello nunca se organizou unha despedida especial a ningún cargo electo, de todas maneiras dí tomar razón do rogo.

PREGUNTAS.

Dase conta das preguntas presentadas polos membros do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo e D. Fernando Vilar Díaz, que de seguido se relacionan:

1. O ano pasado estea concello iba facer unhas obras en Vilar de Mouros e en Sande a través do Plen da Deputación DTC'94, que ó final non se puideron facer por falta de documentación. ¿Cando se vai retomar ese asunto?

Respóntase polo Sr. Alcalde-Presidente que con respecto ao caso de Vilar De Mouros, a obra non se fixo pola negativa do veciño en ceder o terreo, e que a obra da ampliación do colector de Sande espera poder facerse este ano.

2. Segundo parece, a deputación da Coruña, si concedeu unha subvención a este concello para a Escola de Música Municipal por importe de 10.000 euros ¿Vai repercutir este feito nas taxas que pagan os alumnos?

Resposta o Sr. Alcalde que antes de empezar este curso escolar falouse co Director de empresa que leva a escola de música e axustouse a facturación ao que paga por taxa cada alumno ou alumna, despois efectivamente a Deputación outorgou unha subvención, pero este ano houbo que dar de alta o contrato da luz con Gas Natural, co que os gastos quedan equilibrados cos ingresos.

3. No DOGA do pasado día 15 de marzo de 2013, publicouse unha subvención para os concellos para a renovación das instalacións de iluminación pública exterior. ¿Solicitouse esta subvención?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que non se solicitou, xa que o Concello tiña que poñer un 30% e non é viable, de todas maneiras nalgúns lugares estanse cambiando as lámparas de 100 W a 20 W para tentar de baixar o consumo, xa que o subministro de enerxía é un pozo sen fondo.

4. Xa está rematada a escola de Guitiriz? Ten pensado o equipo de goberno darlle algún uso a esta escola e á Casa dos Lagoeiros?

A Casa dos Lagoeiros non se pode adicar a ningunha actividade, xa que está pendente de rematar por dentro, e a escola de Guitiriz está pendente do proxecto de instalación eléctrica que solicita Gas Natural.

5. Por este grupo político municipal, presentáronse varios rogos ó longo do último ano que non foron atendidos. Sinalización do campo de fútbol, retirada da cabina telefónica, mantemento no Centro de Saúde, mantemento da Fonte da Virxe, organización de viaxes para os veciños, etc ¿Pódenos explicar o Sr. Alcalde como van os trámites nestas cuestións?

Falouse cunha empresa para solicitar un presuposto dos sinais hai a lo menos tres meses, pero non o troixo, polo que houbo que contactar con outra empresa e agardase que se poidan poñer os sinais o antes posible.

Con respecto á cabina telefónica, xa hai tempo que a telefónica se lle dixo o que había pero non diron resposta, polo que o Concello ten pensado retirala.

Polo que respecta ao Centro de Saúde, estase a espera de poder pintalo, pero farase no momento en que o concello dispoña de xente. Con respecto á limpeza da Fonte da Virxe dí o Sr. Alcalde - Presidente que xa se puxo varias veces a sinalización de auga non potable e que se limpará cando se dispoña de xente para poder facelo.

Neste punto polo concelleiro de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, pídeselle ao Sr. Alcalde que cando menos se poñan unhas mesas de pedra e uns bancos, xa que a área recreativa estivo abandonada estes últimos anos e a realidade é que hai que repoñer todo.

Respecto ás viaxes a programar polo Concello dí o Sr. Alcalde- Presidente que hai asociacións coma o Pértego e o Patronato do Museo etnográfico que xa organizan viaxes e quizáis este non sexa o cometido do concello.

Neste asunto opina o Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dicindo que a súa experiencia neste eido é que hai viaxes que son moi fáciles de facer e que enchen autobuses, e o destino é Portugal.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas corenta e sete minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,


Manuel Meizoso López

O Secretario,


José A. Meizoso Paz